



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Os Países Baixos veñen de asumir a presidencia semestral do Consello da Unión Europea até o vindeiro mes de xullo, reemprazando a Luxemburgo nesta misión. A principal prioridade do actual mandato é promover **unha Europa centrada no crecemento estrutural e na creación de emprego a través da innovación.**

Este protagonismo da innovación na presidencia holandesa da UE suporá que se celebrarán **numerosos eventos e foros centrados nesta materia nos vindeiros meses.** Ademais, o país que ostenta a presidencia define a axenda do Consello e media para acadar compromisos entre os 28 países membros e as institucións europeas como o Consello, a Comisión Europea e o Parlamento Europeo.

No marco da **reunión do Grupo de Traballo de Políticas de ERRIN** (European Regions Research and Innovation Network), na que participa GAIN, a presidencia holandesa adiantou as seguintes **prioridades** nas accións a executar neste 1º semestre se 2016 baixo o lema “**Europa como innovador e creador de emprego**”:

- 1) Posta en valor do **investimento en I+D+i como motor do crecemento económico e da creación de emprego.** Para elo farase unha selección de casos de éxito do Sétimo Programa Marco para mostrar o seu impacto e actualizarán a folla de ruta das infraestruturas de investigación de interese pan-europeo (programa ESFRI).
- 2) **Mellora do marco legal para favorecer a I+D+i,** identificando posibles barreiras na lexislación vixente e

asegurando que toda lexislación futura sexa favorable.

- 3) **Aumento do impacto que ten o investimento en I+D+i**, impulsando a transferencia de coñecemento e o acceso aberto aos resultados da investigación financiada con fondos públicos.

Na [páxina web da presidencia holandesa da UE](#) podes acceder ao programa completo, así como a outros documentos e a información sobre os próximos eventos.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando [aquí](#) . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.